

● Consello da Cultura Galega organiza a XI edición dos Encontros para a Normalización Lingüística co ánimo de poñer, un ano máis, ao dispor dos principais axentes sociais implicados na normalización do idioma galego este foro de debate e reflexión arredor do proceso de planificación lingüística en Galicia.

● momento político no que nos atopamos, de final dunha lexislatura e ás portas doutra nova, esixe un alto no camiño, tanto para botar a vista atrás e avaliar a política lingüística desenvolvida polo Goberno galego nestes últimos catro anos como para que agromen novas propostas e ideas que alumeen as accións políticas futuras. A estas cuestións dedicaremos a primeira das dúas xornadas, na que tamén se reflexionará sobre a lexislación lingüística de recente aparición, así como sobre o argumentario xurídico que avala a intervención pública en cuestións de idioma no ámbito privado. A segunda xornada, cun enfoque máis sociolóxico, centrarase nos seguintes temas: as canles de participación social nas políticas lingüísticas institucionais, a integración sociolingüística e cultural dos inmigrantes e emigrantes retornados e a socialización en lingua galega nos centros galegos do exterior.

Como novidade, os Encontros pecharanse nesta ocasión cunha sesión lúdica que nos presentará unha visión orixinal do camiño andado e por andar cara á plena normalización social do idioma galego, obxectivo que inspira a organización deste evento desde o seu comezo.

ORGANIZA
CONSELLO DA CULTURA GALEGA
CENTRO DE DOCUMENTACIÓN
SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALICIA

COLABORA
COORDINADORA DE
TRABALLADORES/AS
DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA

APOIA
EDICIÓNS A NOSA TERRA
EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA
EDITORIAL GALAXIA
IR INDO EDICIÓNS
SOTELO BLANCO EDICIÓNS

COMISIÓN ORGANIZADORA
MANUEL BERMÚDEZ BLANCO
CONCEPCIÓN COCHÓN RODRÍGUEZ
AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ
ANXO M. LORENZO SUÁREZ
HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO
GORETTI SANMARTÍN REI
NEL VIDAL BARRAL

COMISIÓN COORDINADORA
MANUEL BERMÚDEZ BLANCO
CONCEPCIÓN COCHÓN RODRÍGUEZ
VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ
HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO
ROSARIO PÉREZ MAGDALENA
NEL VIDAL BARRAL

XI Encontros para a normalización lingüística

12 e 13 de febreiro de 2009
Consello da Cultura Galega



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



CENTRO
DE DOCUMENTACIÓN
SOCIOLINGÜÍSTICA
DE GALICIA

Lugar de celebración
Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro s/n
15705 Santiago de Compostela

T 981 957 202
F 981 957 205

Máis información
e inscrición en:
www.consellodacultura.org



12 de febreiro PROGRAMA

9:30 horas

ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN

10:00 horas

INAUGURACIÓN DOS ENCONTROS

PRIMEIRA SESIÓN

10:30 horas

RELATORIO: *Análise da acción de política lingüística desde o Goberno galego nos últimos catro anos e propostas para a vindeira lexislatura*

NEL VIDAL BARRAL COMISIÓN TÉCNICA DO CDSG

11:30 horas

COLOQUIO

12:00 horas

CAFÉ-ENCANTRO

12:30 horas

MESA DE TRABALLO: *A necesidade do Consorcio para a Planificación Lingüística*

Por que a figura dun consorcio? Modelo, obxectivos, vantaxes e inconvenientes

LOIS PÉREZ CASTRILLO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

O exemplo do Consorci per a la Normalització Lingüística de Catalunya

PILAR LÓPEZ MARTÍNEZ CONSORCI PER A LA NORMALITZACIÓ LINGÜÍSTICA

A necesidade dun Consorcio para a Planificación Lingüística en Galicia

VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ COORDINADORA DE TRABALLADORES/AS DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA

13:30 horas

COLOQUIO

SEGUNDA SESIÓN

16:30 horas

MESA DE TRABALLO: *Posibilidades de cooperación nas políticas lingüísticas da Administración local*

O que a FEGAMP pode facer en política lingüística

CARLOS ANTONIO FERNÁNDEZ CASTRO FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS

Cooperación en política lingüística cos concellos desde a Xunta de Galicia

MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

Programa de cooperación da Deputación da Coruña cos concellos da provincia

XOÁN MANUEL SANDE MUÑOZ DEPUTACIÓN DA CORUÑA

17:30 horas

COLOQUIO

18:00 horas

CAFÉ-ENCANTRO

18:30 horas

RELATORIO: *Novidades en lexislación lingüística. Análise das últimas leis aprobadas*

ALBA NOGUEIRA LÓPEZ USC

13 de febreiro PROGRAMA

TERCEIRA SESIÓN

10:30 horas

RELATORIO: *Canles de participación social nas políticas lingüísticas institucionais*

XABIER MENDIGUREN BEREZIARTU KONTSEILUA

11:30 horas

COLOQUIO

12:00 horas

CAFÉ-ENCANTRO

12:30 horas

MESA DE TRABALLO: *Socialización en lingua galega nos centros de emigrados no exterior*

Actitudes e competencia lingüística nos centros galegos de América

MANUEL SUÁREZ SUÁREZ

Recursos e planificación nos centros galegos no exterior

CARLOS SIXIREI PAREDES SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN

Actitudes lingüísticas dos fillos de emigrantes en Europa

ESTHER OLVEIRA OLVEIRA USC

13:30 horas

COLOQUIO

CUARTA SESIÓN

16:30 horas

MESA DE TRABALLO: *Inmigración e adquisición da lingua en Galicia*

Características socioeducativas dos colectivos inmigrantes en Galicia

DIANA PRIEGUE CAAMAÑO GRUPO ESCULCA. USC

A poboación inmigrante e a súa socialización en galego

JORGE JAVIER BURGOS RIVAS CONSULADO HONORARIO DE URUGUAY EN VIGO

O Plan Galego de Cidadanía e Convivencia. Aplicación e lingua

JOAN RIBOT MARGARIT SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN

17:30 horas

COLOQUIO

18:00 horas

CAFÉ-ENCANTRO

18:30 horas

ACTIVIDADE LÚDICA: *Contos que non falten*
CELSO FERNÁNDEZ SANMARTÍN

19:15 horas

CLAUSURA DOS ENCONTROS

Inscrición nos XI Encontros para a Normalización Lingüística

A inscrición realizarase exclusivamente a través do formulario habilitado no web do CCG www.consellodacultura.org

O número de prazas é limitado. Terán preferencia, pola mesma orde en que aparecen citados, os seguintes colectivos:

1. Técnicos/as de normalización lingüística en activo que desenvolvan o seu labor nos servizos de normalización lingüística ou servizos lingüísticos existentes en Galicia.
2. Outros profesionais do ámbito da planificación e da dinamización lingüística que estean a traballar actualmente no ámbito público ou privado.
3. Socios/as da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, entidade colaboradora na organización deste evento.

O Consello da Cultura Galega poderá solicitar acreditación da adscrición ao colectivo que se alegue para facer uso do prazo preferente.

Prazos de preinscrición

1º prazo

Ata o 29 de xaneiro de 2009.

Exclusivo para os colectivos con preferencia (técnicos/as de normalización lingüística, profesionais do ámbito da planificación e a dinamización lingüística e socios/as da CTNL).

2º prazo

Desde o 2 ata o 8 de febreiro de 2009. Aberto a todas as persoas interesadas.

Unha vez confirmada pola organización a inscrición nos encontros, deberá efectuarse o pagamento da matrícula. A cota é de 10€ e aboarase mediante transferencia bancaria á conta:

2091-0300-47-3110063172

Non debe realizarse o pagamento da matrícula ata ter recibido confirmación da inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de participación nos XI Encontros, emitido polo Consello da Cultura Galega.

Para acadar o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.